

A palabra de hoxe é

Rugby

RUGBY

O rugby é un deporte no que participan dous equipos de quince xogadores cada un, en que se utilizan as mans, ou en determinadas xogadas o pé, para levar un balón de forma oval máis alá da liña de gol e depositalo no chan ou lanzalo por riba da barra transversal da portaría, vencendo a oposición do equipo contrario.



A palabra de hoxe é

Gorro
(de natación)

GORRO (DE NATACIÓN)

Un gorro é calquera
sombreiro sen aba nin
viseira que se usa para
cubrir a cabeza. En natación
utilízanse gorros de
silicona, látex ou poliéster.
Permiten nadar máis rápido
e tamén protexen o cabelo
do cloro.



A palabra de hoxe é

Emisión

(deportiva)

EMISIÓN (DEPORTIVA)

A emisión é a transmisión de algo por medio de ondas electromagnéticas. As emisións ou retransmisións deportivas lévanse a cabo en canales de radio ou televisión. Os Xogos Olímpicos de París 2024 emitiranse en aberto na RTVE, como tamén sucedeu cos de Tokyo 2020.



A palabra de hoxe é

***Diploma
(olímpico)***

DIPLOMA (OLÍMPICO)

Un diploma é un documento que acredita unha titulación, aptitude ou méritos de alguén. O diploma olímpico entrégaselle aos deportistas de calquera disciplina nos Xogos Olímpicos que ocupen o posto do 4 ao 8 na competencia.



A palabra de hoxe é

Asubío

ASUBÍO

O asubío é un instrumento de vento pequeno e oco que emite un son cando se sopla con forza. Utilízase nalgúns deportes como o fútbol. Tamén se chama chifre, pito ou subiote.

